

As cidades en Europa, España e Galicia

Lotte Beese.

Arquitecta, urbanista e fotógrafa

Vivín en diferentes cidades de Europa: Viena, Berlín, Rotterdam ou Praga entre outras. Nelas desenvólvin o meu traballo como arquitecta, urbanista e fotógrafa. Son Lotte Beese, nacín en 1903 e estudei arquitectura na Bauhaus, Alemaña. Continuei a miña formación na Escola de Arquitectura de Ámsterdam e instaleime en Rotterdam, onde fun profesora na Academia de Arquitectura e dirixín o Departamento de Urbanismo ata 1968. Alí levei a cabo un gran proxecto urbanístico remodelando algúns dos seus barrios, despois da destrución tras a Segunda Guerra Mundial.

No meu traballo os espazos urbanos están pensados para a colectividade e o fomento das relacións sociais, por iso proxecto prazas ou espazos comunitarios. Tamén planifico a construción de edificios

arredor de zonas verdes, nas que se pode gozar da paisaxe, creando lugares de transición entre o natural e o urbano.

Para comprender mellor as cidades en Europa, España e Galicia, vas coñecer:

- Os poboamentos rural e urbano.
- O proceso de urbanización: a etapa preindustrial e a etapa contemporánea.
- Características do poboamento urbano: tipos de cidades.
- A estrutura da cidade: o centro urbano e a periferia.
- A xerarquía urbana: as metrópoles internacionais, nacionais, rexionais e subrexionais.
- As cidades da Comunidade de Galicia.

PREGUNTAS E RESPOSTAS

- 1 Indica para que están pensados os espazos urbanos creados por Lotte Beese.
- 2  Nomea algunhas das cidades europeas nas que residiu e investiga sobre o traballo realizado por esta arquitecta en cada unha delas.

- 3  **Comprobamos.** Comprobamos. Resolve as cuestións formuladas en cada un dos apartados da páxina da dereita. Para iso, podes consultar a información contida na unidade.

1 Os poboamentos rural e urbano

1.1 O poboamento humano

O **poboamento** é a forma na que as persoas ocupan un territorio. Inclúe o estudo do número, dimensións e distribución espacial dos asentamentos humanos.

Responde a dous modelos básicos, diferenciados polo seu tamaño e polas súas características: o **poboamento rural**, propio dos espazos agrarios, e o **poboamento urbano**, relacionado coas actividades industriais e de servizos.

1.2 O poboamento rural

- En **Europa** non existe unha cifra de habitantes que diferencie o poboamento rural do urbano. En xeral, considéranse rurais os asentamentos nos que a maioría da poboación se dedica ás actividades agrarias e habita en vivendas unifamiliares de baixa altura.
- En **España** comprende os municipios con **menos de 10 000 habitantes**; en 2017 representaban o 20,6% da poboación. Non obstante, no sur peninsular existen municipios con poboación superior a esta cifra cuxos habitantes se dedican, sobre todo, ás tarefas agrarias, polo que se coñecen co nome de **agrocidades**.

O poboamento rural, tanto en Europa coma en España, pode ser disperso ou concentrado.

- No **poboamento disperso** as casas rurais non forman un núcleo compacto, e están separadas unhas doutras por campos cultivados, bosques ou prados. En **Europa**, predomina na fachada atlántica e na área mediterránea, e en **España**, na periferia peninsular e nas illas Baleares e Canarias.
- No **poboamento concentrado** as vivendas sitúanse unhas xunto a outras, formando aldeas e vilas. En **Europa**, é propio da área central e oriental do continente, e en **España**, predomina no interior peninsular.

1.3 O poboamento urbano

Está integrado por cidades ou asentamentos nos que a maioría da poboación se dedica á industria e aos servizos, e adoita habitar en vivendas colectivas e en altura.

Este modelo de poboamento esténdese por todo o territorio europeo e español.

- En **Europa**, o tamaño mínimo para considerar unha poboación como cidade é moi variable. Por exemplo, en Dinamarca e Suecia son urbanas aquelas localidades que superan os 2 000 habitantes.
- En **España**, inclúe os municipios con máis de 10 000 habitantes, que en 2020 acollían ao 79,9% da poboación.

Non obstante, no norte peninsular existen algúns municipios con poboación inferior a 10 000 habitantes nos que predominan as actividades urbanas.

Formas de poboamento rural

Disperso



Concentrado



AVANZA EN COMPETENCIAS

Identificar problemas

- 1 Que criterio se utiliza en España para diferenciar o poboamento rural do urbano? A partir das epígrafes 1.2 e 1.3, encóntralle algún inconveniente a este criterio para diferenciar o tipo de poboamento?

Buscar información relevante


- 2 Supón que habitases na localidade de Upsala (Suecia). Vivirías nun núcleo rural ou nun núcleo urbano? E se vivises en Sigüenza (Guadalaxara)?

Comprender o contorno

- 3 En que se distinguen os dous tipos de poboamento rural das imaxes superiores?

O poboamento en España

Porcentaxe de poboación rural e urbana por comunidades, en 2017



Traballar con gráficos

4 Cos datos do gráfico, elabora un mapa das comunidades.

Diferencia con cores as que teñen porcentaxes de poboación urbana por enriba e por debaixo da media española. Cal é a situación da túa comunidade?

Predominio de áreas urbanas ou rurais por provincias, en 2017



Elaborar coñecemento

5 Investiga que frase non é correcta e escríbea correctamente no teu caderno:

- O poboamento rural disperso predomina na fachada mediterránea e no interior peninsular.
- O poboamento urbano en España inclúe os núcleos de máis de 10 000 habitantes.

Elaborar táboas

6 Elabora unha táboa que recolla a seguinte información:

- Cinco localidades europeas e españolas con poboamento rural disperso, e outras cinco con poboamento rural concentrado.
- Cinco localidades europeas e españolas con poboamento urbano.

O proceso de urbanización (I). A etapa preindustrial

O **proceso de urbanización** consiste na **concentración** da poboación e das actividades económicas e culturais máis dinámicas nas cidades. En Europa e España, este proceso ten orixes moi antigas, e adoitan diferenciarse varias etapas.

2.1 A Antigüidade

- En **Europa**, o proceso de urbanización comezou cara ao **III milenio a. C.** coa creación de cidades no Mediterráneo oriental **por civilizacións comerciais** como a de Creta. Non obstante, o impulso definitivo da urbanización tivo lugar no século VIII a. C. coa **colonización grega**, primeiro, e coa **dominación romana**, despois, que estendeu as cidades por todo o seu imperio.
- En **España**, as primeiras cidades (Cádiz, Empúries) xurdiron no **século VIII a. C.** grazas ás colonizacións de pobos mediterráneos (fenicios, gregos). O seu número creceu baixo o dominio de Roma coa fundación de novas cidades como Tarragona, Mérida, Zaragoza, Barcelona ou Sevilla.

Roma difundiu por todo o seu imperio un **modelo de cidade** de plano regular e numerosos espazos e edificios públicos: foros, templos, teatros, termas, etc.

Tras a desaparición do imperio romano, as cidades decaeron e a maioría dos seus habitantes trasladouse ao campo.

2.2 A Idade Media

- En **Europa**, as antigas cidades mantiveron o seu declive a comezos da Idade Media, pois o feudalismo impuxo unha economía agraria. Non obstante, desde o século XII, o desenvolvemento do comercio reactivounas e favoreceu a creación doutras novas.
- En **España**, a conquista musulmá permitiu a coexistencia de cidades musulmás e cristiás.
 - Os **musulmáns** transformaron as antigas cidades e fundaron outras (Madrid, Almería, Murcia).
 - Os **cristiáns** crearon novas cidades no Camiño de Santiago e en zonas conquistadas aos musulmáns como Segovia, Ávila e Salamanca.

As cidades de ambas as dúas culturas, amuralladas e de plano irregular, contaban con edificios destacados –como mesquitas, zocos, catedrais– e prazas de mercado.

Un proceso histórico en imaxes



Na illa de Creta, a **civilización minoica** do III milenio a. C. desenvolveu cidades baseadas no comercio. Tiñan rede de sumidoiros e auga, e grandes palacios como o de Cnosos.



Os **romanos** estenderon a vida urbana por todo o seu imperio. Un exemplo é a cidade francesa de Nîmes.



As **cidades medievais**, como Dubrovnik (Croacia), protexíanse con murallas e torres para evitar os ataques por terra ou por mar.



Na **Idade Moderna**, as capitais, como Viena, creceron e dotáronse de edificios maxestosos.

A urbanización en España ata a Idade Moderna

A Antigüidade



As primeiras cidades foron colonias comerciais fundadas polos fenicios ou os gregos, como **Empúries**.

Os romanos, tras a conquista de Hispania, fundaron numerosas cidades, como **Itálica**, ás que dotaron de edificios públicos e infraestruturas.



A Idade Media



Os **musulmáns** fundaron cidades novas como **Almería** e transformaron as existentes, dotándoas de murallas, mesquitas e zocos ou mercados.

Os **cristiáns** impulsaron as cidades nos territorios conquistados aos musulmáns, como **Ávila**, e rodeáronas de murallas.



A Idade Moderna



Moitas cidades, como **Sevilla**, creceron debido ás actividades mercantís.

Outras, como **Madrid**, remodelaron as rúas e dotáronse de praza maior, portas monumentais, pontes, avenidas ou bulevares e xardíns.



2.3 A Idade Moderna

Entre os séculos xvi e xix, creceron as cidades elixidas como capitais polos novos estados europeos, como París, Berlín e Viena.

Ademais, cos descubrimentos xeográficos e a creación de grandes **imperios coloniais**, o crecemento urbano desprazouse desde o Mediterráneo cara ao Atlántico e o norte de Europa. Este feito explica, por exemplo, o crecemento de Sevilla no século xvi, de Antwerpen (Amberes) e Ámsterdam a principios do xviii e de Londres desde o xviii.

- No **Renacemento** proxectáronse cidades ideais, e os novos barrios adoptaron os planos regulares da época clásica.
- No **Barroco** e na **Ilustración**, monarcas absolutos como Luís XIV de Francia ou Carlos III de España expresaron o seu poder remodelando e embelecendo as cidades. Para iso, construíron edificios como palacios, concellos, hospitais, igrexas, conventos e prazas maiores en España, e dotaron as cidades de amplas avenidas, prazas, fontes, pontes e xardíns.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Redactar sínteses

- 1 Resume o proceso de urbanización europeo, e explica como influíron nel a dominación romana, as invasións xermánicas, o desenvolvemento do comercio, os descubrimentos xeográficos e as monarquías absolutas.

Xerar ideas propias

- 2 Pide a un compañeiro/a que redacte cinco preguntas sobre os contidos; respóndelas e pídelles que valore os teus resultados. Se son negativos, escribe que deberías facer para melloralos.

3 O proceso de urbanización (II). A etapa contemporánea

3.1 A etapa industrial

Entre o século XIX e 1980, as cidades europeas e españolas experimentaron un forte crecemento debido ao desenvolvemento da industria. Por iso, este período coñécese tamén como **urbanización industrial**.

- No **século XIX**, o crecemento demográfico e a Primeira Revolución Industrial atraeron unha numerosa poboación campesiña ás cidades industrializadas.

Estas localizáronse, principalmente, nos **centros siderúrxicos** (Ruhr, Asturias, País Vasco), **téxtiles** (Manchester, Cataluña) e nos **portos marítimos e fluviais**, por onde se importaban as materias primas ou se vendían os produtos industriais (Liverpool, Hamburgo, Xixón, Bilbao, Barcelona, Valencia).

O **crecemento demográfico** obrigou a algunhas cidades a derrubar as súas antigas murallas e estender a súa superficie mediante **ensanches** ou ampliacións, xurdindo así **novos barrios**.

- Aqueles destinados á **burguesía**, dona das fábricas, adoptaron planos regulares e vivendas de calidade.
- Os construídos para os **obreiros industriais** caracterizáronse pola desorganización, a pésima calidade das vivendas e a falta de servizos urbanos, como pavimentación ou rede de sumidoiros.

Tamén se levaron a cabo **proxectos de reforma interior** (acometida de augas, saneamento, pavimentación de rúas) e abríronse grandes vías.

- No **século XX**, o crecemento urbano incrementouse ata 1980 grazas á Segunda Revolución Industrial. En **España**, o maior crecemento tivo lugar entre 1960 e 1980 nas grandes cidades industriais e turísticas como Madrid, Barcelona, Bilbao e Valencia.

As grandes cidades rodeáronse de extensas **periferias** onde se instalaron barrios residenciais de diferente categoría, polígonos industriais e equipamentos urbanos. O crecemento favoreceu a creación de **aglomeracións urbanas** pola unión de cidades e vilas próximas, e con frecuencia o crecemento desordenado orixinou núcleos de **chabolas** carentes dos servizos máis básicos.

3.2 A etapa postindustrial

Desde 1980 iníciase un novo período no que os **servizos** se converten no factor principal do crecemento urbano.

Este período coñécese como **urbanización postindustrial** e destaca pola desaceleración do crecemento das cidades europeas e españolas, aínda que seguen estendéndose en superficie pola área rural circundante.

As causas foron a redución do crecemento demográfico e das migracións cara ás cidades, e o traslado de parte da súa poboación e das súas actividades económicas cara a núcleos rurais próximos, onde os prezos do solo son máis baratos.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Interpretar o contorno

- 1 Que diferenzas aprecias entre a urbanización industrial e a postindustrial?

Participar en diálogos e debates

- 2 Busca imaxes do proceso de urbanización en Europa e en España e escríbelles un pé explicativo. Elixes un deses pés e expono oralmente en clase.

Organizar información

- 3 Realiza un esquema sobre a evolución das cidades en España.

Manexar representacións gráficas

- 4 Analiza o gráfico e responde estas cuestións: a) Que representa? En que están expresados os datos? b) En que período foi máis rápido o crecemento urbano? A que se debeu? c) Como evolucionou o crecemento das grandes cidades desde 1980? Cales foron os motivos?



DESTREZA

Consulta os datos
estadísticos

A urbanización industrial e postindustrial europea e española

Europa

Os casos de Manchester, Liverpool e Toulouse




A Primeira Revolución Industrial provocou o crecemento de cidades industriais como **Manchester (1)** e **Liverpool (2)**.

Outras cidades, como **Toulouse (3)**, experimentaron un gran crecemento no século xx. A urbanización estendeuse en forma de mancha de aceite e ao longo das vías de comunicación, integrando tamén os centros urbanos veciños.

España


A urbanización contemporánea española



No século XIX, o crecemento das cidades obrigou a realizar plans de ensanche, como o de Barcelona (A). No século XX, a paisaxe urbana sufriu profundas modificacións, e en cidades industriais como Valladolid (B), xurdiron extensas periferias.



Evolución da poboación urbana en España



4 Características do poboamento urbano. Os tipos de cidades

4.1 A taxa de urbanización

- **Europa** é o **segundo continente máis urbanizado**, despois de América, cunha taxa do 75 % (2020). Non obstante, existe un contraste entre países, pois algúns superan o 80 % (Suecia, Dinamarca, Islandia) e outros apenas superan o 50 % (Romanía, Eslovaquia).
- **España** conta cunha taxa de urbanización do 79,9 % (2020). Non obstante, existen contrastes autonómicos como, por exemplo, entre Madrid (94,4 %) e Castela-A Mancha (56,3 %).

4.2 Distribución da urbanización

- **As cidades europeas** son numerosas e distribúense de xeito uniforme, aínda que tenden a agruparse en **eixes**. O de maior **densidade urbana** esténdese entre o sur de Reino Unido e o norte de Italia, ao longo do val do Rin; coñécese como a **dorsal europea**.

O resto de cidades agrúpanse nos **eixes litorais mediterráneo, atlántico e báltico**, e ao longo do río Danubio.

- **As cidades españolas** son tamén numerosas (752). A súa distribución no territorio caracterízase pola localización da maior aglomeración urbana, Madrid, no centro peninsular, e de **eixes urbanos periféricos**. Estes eixes son o **galego**, especializado no comercio; o **cantábrico**, de base industrial; o **mediterráneo**, cunha industria diversificada e forte peso do turismo; o do **val do Ebro**, con equilibrio entre a industria e os servizos; e o **dobre eixe andaluz**: o **litoral**, especializado no comercio, o turismo e a agricultura tecnificada; e o **interior**, ligado á agricultura, ao turismo e á industria local.

En **Baleares** e **Canarias**, a formación de eixes vese dificultada pola fragmentación do territorio en illas.

4.3 As cidades europeas e españolas

As grandes cidades

- A aglomeración de Londres supera os 14 millóns e a de París os 11 millóns, pero ocupan os postos 25 e 33 do ranking mundial, e só cinco están entre as 100 primeiras metrópoles mundiais. Na súa maioría son capitais estatais e cidades con funcións moi dinámicas.

Ás veces, ao unirse a núcleos de poboación próximos, as grandes cidades forman **aglomeracións urbanas**. Destacan as **áreas metropolitanas** (París, Londres), as **conurbacións** (Rin-Ruhr, en Alemaña e Manchester-Liverpool, no Reino Unido) e a **megalópole** da dorsal europea, terceira do mundo tras as de EE. UU. e Xapón.

- En **España**, as aglomeracións son escasas e de dimensión modesta. Só quince superan os 500 000 habitantes, e só dúas, que concentran as actividades máis dinámicas, superan o millón de habitantes: **Madrid** con 5,7 millóns e **Barcelona** con 3,3 millóns (2020).


A urbanización española

Distribución e eixes urbanos



As aglomeracións urbanas

Agglomeracións de máis de 500 000 habitantes en 2020




(1) Área central do Principado de Asturias que se compón de 20 concellos.

(2) Vigo-Pontevedra-Marín-Vilagarcía de Arousa




Fonte: INE.

Tamaño das cidades

Cidades españolas por tamaño demográfico en 2020 (% respecto ao número total de cidades)



Distribución e tamaño das principais cidades europeas



O crecemento das grandes cidades orixinou **aglomeracións urbanas** como **áreas metropolitanas** (Valencia, Sevilla) e **conurbacións** (Málaga-Marbella), que en ocasións alcanzan escala rexional (área central de Asturias) ou suprarrexional (megalópole en formación do litoral mediterráneo).

As cidades medianas e pequenas

- En **Europa** acollen máis da metade da poboación. Teñen menos de 200 000 habitantes e moitas son cidades históricas que actuaron como centros industriais e de servizos para a poboación da súa contorna.
- En **España**, as cidades medianas e pequenas son numerosas, dado que foron as máis beneficiadas pola difusión da poboación e das actividades económicas desde as grandes cidades.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Utilizar mapas Vexo, penso, preguntome...

- Que tamaño predomina nas cidades europeas e españolas? Que sistema se emprega para mostrar o seu tamaño? Nomea cinco cidades europeas de máis dun millón de habitantes e indica o país.
- Copia nun mapa as cidades españolas pertencentes a cada eixe urbano e anota o seu nome.
- Localiza no mapa a cidade onde resides ou a máis próxima. Pertence a algún eixe urbano?
- Confecciona un mapa mental do teu barrio.

5 Estrutura da cidade (I).

O centro urbano

O centro urbano é a **parte central** da cidade. Comprende a área urbanizada no período preindustrial, os barrios da Primeira Revolución Industrial e o centro comercial e de negocios actual ou CBD.

5.1 A cidade preindustrial

O **centro histórico** de moitas cidades europeas e españolas aínda conserva a pegada da cidade preindustrial, que en moitos casos ten unha orixe antiga (grega ou romana) ou medieval.

- As **localizacións urbanas** elixidas en época antiga ou medieval foron, sobre todo, **defensivas**. Por iso, moitas cidades situáronse sobre outeiros, como Edinburgo e Almería; xunto a meandros de ríos, como Berna, ou sobre illas fluviais ou marítimas, como París e Venecia. Tamén se fundaron cidades en localizacións favorables para o **comercio**, caso de vaos de ríos (Frankfurt, Zaragoza); confluencias e rutas fluviais (Coblenza e Basilea e cidades do Camiño de Santiago), cruzamentos de camiños (Viena, Toledo) e portos (Gdansk e Bilbao).
- O **plano** destas cidades era **irregular**, e a maioría estaban rodeadas por unha **muralla**. As casas eran de baixa altura e situábanse unhas xunto a outras para aproveitar o espazo. Os grupos sociais dominantes vivían en grandes residencias situadas xunto aos edificios principais (castelo, catedral), e os demais grupos habitaban en barrios diferenciados segundo a súa profesión, formados por casas coa tenda ou taller na planta baixa e a vivenda enriba.

5.2 Os barrios da cidade industrial

Coa Primeira Revolución Industrial, o crecemento urbano obrigou a **densificar** a cidade preindustrial.

- Aumentouse a altura dos edificios e subdividíronse as vivendas.
- Ademais, houbo que ampliar a cidade, derrubando as súas antigas murallas e substituíndoas por bulevares.


Nas proximidades do centro fixéronse **barrios burgueses** de planos regulares (en cuadrícula, anulares ou radiocéntricos), denominados ensanche, casas amplas e de calidade, e infraestruturas, como rede de sumidoiros e rúas pavimentadas. Nos **arrabaldes**, xunto a fábricas ou estacións ferroviarias, construíronse **barrios obreiros** con planos desorganizados, casas pequenas de mala calidade e escasas infraestruturas básicas.

5.3 O centro comercial e de negocios ou CBD

Na actualidade, algúns sectores do centro urbano encóntranse envellecidos e deteriorados, e albergan unha poboación anciá ou marxinal e actividades degradadas. Outros sectores, en cambio, renovaron as súas rúas, rehabilitaron os edificios e eliminaron ou trasladaron á periferia as antigas industrias. Convertéronse así no CBD ou centro comercial e de negocios, onde **se instalaron** residentes de clase media-alta e actividades dinámicas: sedes de grandes empresas, oficinas, comercios especializados, actividades culturais e de ocio, etc

Localizacións urbanas

Defensivas



A cidade vella de **Edinburgo** (Escocia) creceu durante a época medieval arredor do seu castelo, situado sobre un outeiro, e da abadía de Holyrood.

Comerciais



Toledo emprazouse sobre un outeiro semi-rodeado polo río Texo. A cidade tiña unha situación estratéxica nas vías de comercio e comunicación da época.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Valorar a evolución histórica

- 1 Explica os cambios que aconteceron ao longo do tempo na zona antiga e no ensanche.

Promover iniciativas

- 2 Que actividade planificarías para ensinarlle a outra persoa a zona antiga da cidade onde resides ou algunha próxima? Detalla como a levarías a cabo.

Manexar imaxes

- 3 Compara o ensanche burgués cos barrios industriais e obreiros: plano e vivenda.


Valorar a sostibilidade Análise asociativa

- 4 Moitas zonas antigas están peonalizadas. Que vantaxes cres que ten esta medida?

A evolución urbana en Europa e España

O caso de París

O primeiro asentamento




1. **A cidade preindustrial.** A cidade primitiva, de orixe romana, emprazouse sobre unha illa no río Sena e creceu cara a ambas as dúas beiras, coas que se conectaba mediante pontes. Entre as casas sobresaían algúns edificios destacados, como a catedral e as torres das igrexas e mosteiros.


2. **O plan de Haussmann.** Entre 1852 e 1870, o barón Haussmann remodelou o centro de París. Este plan urbanístico transformou a cidade herdada, dotándoa de novos e anchos bulevares e prazas e restaurando as fachadas de moitos edificios antigos.

3. **O CBD.** Na actualidade, algunhas zonas renovadas do centro urbano albergan edificios novos ou rehabilitados, onde se concentran as actividades máis dinámicas: finanzas, negocios, sedes de grandes empresas, etc., como o barrio de La Défense.

A cidade industrial



O centro comercial e de negocios (CBD)




As áreas urbanas tradicionais en España

Zona antiga. Burgos



Ensanche burgués. San Sebastián



Barrio obreiro. Barakaldo



6 Estrutura da cidade (II).

A periferia urbana

A periferia corresponde á época máis recente da evolución urbana europea e española, e comprende unha área suburbana e unha área rururbana.

6.1 A área suburbana

No século xx, e sobre todo entre as décadas de 1950 e 1980, o crecemento urbano orixinou extensas periferias suburbanas contiguas á cidade histórica.

Nesta área impúxose unha zonificación moi característica, ao separarse os usos do solo en zonas residenciais, industriais e de equipamento.

- **As zonas residenciais** varían segundo o **poder adquisitivo** das persoas, o que provocou certa segregación social: barrios de **chabolas** para os grupos desfavorecidos ou marxinais; **barrios de bloques** ou torres de diferente tamaño e calidade para as clases medias e baixas; e exclusivas **urbanizacións unifamiliares** para as clases altas.
- **As zonas industriais** acollen as fábricas que abandonan o centro urbano e as novas industrias que buscan prezos do solo máis baratos, e infraestruturas e servizos adecuados. Nelas, destacan os **polígonos industriais**, que albergan industrias tradicionais; os **parques empresariais**, que aloxan industrias e oficinas; e os **parques tecnolóxicos**, que instalan industrias de alta tecnoloxía.
- **As zonas de equipamento** implantan servizos que se benefician do solo abundante e barato, das boas comunicacións coa cidade e da presenza de consumidores nos barrios residenciais periféricos. Entre estes equipamentos destacan as grandes superficies comerciais, os centros de ocio, os hospitais, etc.

Nas **ciudades mediterráneas**, o crecemento desta área foi **compacto ou vertical**, predominando os barrios de edificacións colectivas e en altura. Nas **ciudades anglosaxoas**, en cambio, o crecemento foi difuso, horizontal e moi extenso en superficie, ao predominar as vivendas individuais e de baixa altura con xardín.

6.2 A área rururbana. A cidade difusa

Desde a década de 1980, o crecemento demográfico das cidades europeas e españolas estancouse. Malia iso, as residencias, as industrias e os equipamentos urbanos estendéronse máis alá do continuo urbanizado, orixinando así extensas áreas de transición entre o campo e a cidade chamadas **áreas rururbanas**.

Este modelo de crecemento descontinuo de baixa densidade deu lugar á chamada **«cidade difusa»**. Inicialmente, foi propia das cidades anglosaxoas europeas, pero despois estendeuse pola maioría dos países, entre eles España.

A zona exterior da franxa periurbana enlaza con antigos núcleos rurais. Estes convertéronse en cidades-dormitorio, pois están habitados por poboación que traballa na súa maioría na cidade.

Emprazamentos urbanos

Periferia suburbana



Franxa periurbana



1. Cidades mediterráneas: crecemento en vertical.
2. Cidades anglosaxoas: crecemento en horizontal (vivenda individual e xardín).
3. Área de servizos (parques empresariais e de oficinas, centros comerciais, universidades).
4. Urbanizacións habitadas por grupos sociais que buscan contacto coa natureza e prezos máis baratos.
5. Áreas industriais.

AVANZA EN COMPETENCIAS


Elaborar contidos propios

- 1 Redacta un texto explicando a evolución da estrutura das cidades europeas e españolas desde a súa orixe ata a actualidade.

A evolución urbana en Europa e España



A cidade difusa



Os **problemas** que presenta a cidade difusa son moi variados. Entre eles, un excesivo consumo de solo; un aumento do tráfico e da contaminación polos desprazamentos diarios de poboación; un maior consumo enerxético; e os gastos que supón levar abastecimentos e infraestruturas ata espazos cada vez máis afastados.

Por iso, na actualidade procúrase a rehabilitación e reutilización do solo da cidade histórica e o crecemento urbano máis compacto.

Elaborar recursos Mesa redonda

- Consigue el plano de la ciudad en la que resides, o Consigue o plano da cidade na que resides, ou da máis próxima, e diferencia nel as súas distintas áreas morfolóxicas e a súa estrutura urbana.

Manexar conceptos

- Explica os conceptos de *área suburbana*, *área rural* e *cidade difusa*.

DESTREZA

Consulta o plano urbano

Demostrar capacidade crítica

- Descubre o significado de «segregación social».

A continuación, explica por que se produce a segregación social nas cidades e algunhas das súas consecuencias.

Por último, debate entre toda a clase de que maneira se podería finalizar coa segregación social nas cidades.

A xerarquía urbana

As cidades europeas e españolas forman sistemas urbanos, nos que ocupan unha posición xerárquica segundo a poboación, a importancia das súas funcións e a amplitude da súa área de influencia. Están formados por distintas categorías de cidades.

7.1 Metrópolis internacionais

Son cidades que superan o **millón de habitantes**; desempeñan as funcións máis especializadas e teñen influencia continental. As dúas máis destacadas son **Londres** e **París**, que teñen máis de 10 millóns e concentran as principais funcións financeiras, políticas, culturais e científicas; unha excelente accesibilidade; e a man de obra máis cualificada. Son, polo tanto, metrópolis internacionais que conectan o sistema urbano europeo co global.

Por debaixo encóntranse **outras cidades**, como Bruxelas, Berlín, Milán. Madrid e Barcelona, que manteñen tamén un alto nivel de relacións internacionais.

7.2 Metrópolis nacionais, rexionais e subrexionais



Teñen unha **poboación entre 250 000 e 1 millón** de habitantes; e prestan servizos administrativos, comerciais e culturais de alcance nacional, rexional ou subrexional.

Neste grupo figuran as **capitais estatais** dos países de menor extensión ou poboación (Dublín, Copenhague, Oslo), que encabezan o sistema urbano dos seus países e o conectan co europeo. As **capitais rexionais consolidadas** (Porto, Bordeos, Sevilla, Valencia). E **cidades de influencia rexional** ou subrexional por desenvolver actividades relacionadas cos servizos e as industrias de alta tecnoloxía (Toulouse, Múnic, Bilbao); albergar importantes portos (Amberes, Xénova, Alxeciras, Vigo); ou contar cun rico legado histórico e cultural que as converteu en destacados centros turísticos (Venecia, Salzburgo, Granada, Santiago de Compostela).

7.3 Cidades medianas e pequenas

Teñen unha **poboación inferior a 250 000 habitantes**; e prestan servizos menos diversificados e especializados á poboación do seu ámbito provincial ou comarcal. No caso de España, inclúense algunhas capitais provinciais (León, Albacete, Badaxoz) e pequenas cidades (Tomelloso, Inca).

O sistema urbano de Europa e España



AVANZA EN COMPETENCIAS

Organizar información

- Realiza un esquema sobre a xerarquía en Europa e en España.

Utilizar mapas

- Observa os mapas e realiza as seguintes actividades:
 - Indica a que categoría pertencen as seguintes cidades: Varsovia, Belgrado, Barcelona, León, Múnic, Marsella.
 - Escribe o nome do país europeo ao que pertencen.

DESTREZA

Consulta o traballo con mapas. Os mapas temáticos

As principais categorías de cidades. O caso de España

Metrópoles nacionais

Madrid



A súa **poboación** supera o millón de habitantes e desempeñan as **funcións máis especializadas** (servizos de alto nivel, innovación, alta tecnoloxía, cultura). Estenden a súa **influencia por todo o país** e, no caso de Madrid, alcanza a todo o territorio da comunidade, superando os seus límites administrativos cara ás provincias limítrofes e o resto de España. Como metrópole nacional, enlaza o sistema urbano español co europeo e o mundial.

Metrópoles rexionais

Valencia



A **poboación** está entre os 500 000 e 1 millón de habitantes. Desempeñan **funcións de alto nivel** e a súa área de **influencia é rexional**. En Valencia, por exemplo, esténdese incluso fóra da comunidade, cara a provincias próximas de Castela-A Mancha (Albacete, Cuenca) e de Aragón (Teruel), e cara a Murcia.

Metrópoles subrexionais

Valladolid



Teñen unha **poboación** entre 250 000 e 500 000 habitantes e desempeñan algunhas **funcións especializadas**. A súa área de **influencia é subrexional**. No caso de Valladolid, a súa área de **influencia** esténdese sobre todo polas provincias limítrofes de Castela e León, aínda que tende a ampliarse cada vez máis por toda a rexión.

Cidades medianas

Cuenca



A súa **poboación** oscila entre os 50 000 e os 250 000 habitantes e as **funcións** son industriais ou comerciais. A área de **influencia** destas cidades é provincial. Este é o caso de Cuenca, que desempeña funcións principalmente terciarias grazas ao seu rico patrimonio cultural e histórico.

8.1 O poboamento

En Galicia, mantéñense as formas tradicionais de poboamento rural. Predomina o poboamento disperso, cuns 30 000 núcleos espallados por todo o noso territorio, cuadruplicando a media española.

8.2 O proceso de urbanización

O proceso de urbanización, iniciado na **Idade Antiga** coa dominación romana, cando se crearon novos núcleos de poboación, ten o seu antecedente a finais da Idade de Ferro, cando a aparición do poboamento castrexo supuxo o desenvolvemento dun primitivo urbanismo. Nesta época fundáronse cidades como Chantada, Xinzo de Limia, Lugo ou Astorga.

Durante a **Idade Media**, as sucesivas invasións dos suevos, musulmáns e normandos levaron consigo unha perda do poder das cidades. De tal modo que por iniciativa real levouse a cabo un proceso de repoboación urbana en determinados núcleos. Posteriormente rexístrase a creación e renacemento de varias cidades, con dous eixes de urbanización fundamentais: o Camiño de Santiago e a liña de costa.

Na **Idade Moderna** tivo lugar un importante incremento da poboación e a súa concentración nas zoas costeiras. Nesta etapa destacaron os núcleos urbanos da Coruña, Betanzos, Santiago de Compostela, Pontevedra, Tui, Ourense e Lugo.

Durante a **Idade Contemporánea** tivo lugar a implantación de industrias conserveiras e a modernización do sector pesqueiro. Nesta fase adquiren maior dinamismo núcleos litorais como Vigo, Cangas, O Grove ou Ribeira.

Ata mediados do século xx, Galicia non contaba cunha rede de asentamentos urbanos, debéndose o crecemento destas cidades fundamentalmente a investimentos económicos externos.

8.3 Morfoloxía e estrutura urbanas

O **plano urbano** reflícte a longa historia do núcleo de poboación. Deste modo, as zonas históricas que na súa maioría son de orixe medieval, caracterízanse polo plano irregular; os barrios modernos presentan plano en cuadrícula; e as cidades construídas sobre outeiros teñen un plano radiocéntrico.

A **estrutura urbana** presenta, como no resto de España, tres sectores diferenciados. A zona antiga convertida no centro comercial e de servizos; algunha coma a de Santiago de Compostela foi declarada Patrimonio Histórico da Humanidade pola UNESCO. O **ensanche** está presente nas sete principais cidades galegas (Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago de Compostela, Pontevedra, Ferrol). E a **periferia** concentra polígonos industriais e de servizos, grandes infraestruturas e novos barrios residenciais.

Patrimonio mundial



Nas cidades galegas existen construcións, illadas ou reunidas, cuxa arquitectura, unidade e integración na paisaxe danlles un valor universal. Por iso, a UNESCO incluíunas na lista do Patrimonio Mundial.

É o caso da zona histórica de Santiago de Compostela (A); da muralla de Lugo (B), e da Torre de Hércules na Coruña (C).



Vigo.



Lugo.



A Coruña.



Ferrol.



Ourense.



Pontevedra.



Santiago de Compostela.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Comprender o contorno

- 1 Busca imaxes de planos urbanos de cidades galegas e coméntaas.

Utilizar mapas

- 2 Localiza nun mapa cada unha das sete cidades galegas. Ordénaas en función da súa importancia.

8.4 O sistema urbano galego


Dos 2 695 000 millóns de habitantes que tiña Galicia en xaneiro do 2021, case un millón vivía nas **sete cidades que forman a rede urbana**. Delas, a escala española, Vigo e Coruña son cidades medias, e as restantes, Ourense, Lugo, Pontevedra, Santiago de Compostela e Ferrol, son cidades pequenas.

Cómpre sinalar dous trazos importantes:

- A **ausencia de grandes núcleos** de poboación, xa que os de maior tamaño, Vigo e A Coruña, non superan os 300 000 habitantes.
- **Carencia de asentamentos intermedios** entre as sete cidades máis importantes e as vilas; temos polo tanto un baleiro entre os pouco máis de 70 000 habitantes da cidade máis pequena, Ferrol, e os preto de 15 000 habitantes das vilas máis grandes.

Datos básicos 2022

Poboación das cidades galegas



APLICA

- 1 Distingue e explica os distintos tipos de cidades do noso continente. Axúdate do cadro inferior.

Tamaño das cidades	% da poboación urbana en 2020
Máis de 10 millóns	4,5
Entre 5 e 10 millóns	5,0
Entre 1 e 5 millóns	16,8
Entre 500 000 e 1 millón	11,2
Entre 300 000 e 500 000	62,4
Menos de 300 000	4,4

Fuente: ONU.

- 2 Observa a imaxe da vista nocturna espacial do continente europeo e contesta:



- a) Onde se concentra a maior densidade urbana? Xustifica o termo «megalópole» para esta zona.
b) Onde se localizan os outros eixes urbanos de maior densidade en Europa?

REFLEXIONA E VALORA

Para finalizar, coñeceremos as características das cidades en Europa e en España. Reflexiona de xeito individual e comparte en grupo a valoración sobre as actividades implicadas.

Para iso, descarga en anayaeducacion.es a rúbrica correspondente.

PON A PROBA AS TÚAS COMPETENCIAS

Para comprobar as competencias sobre as cidades en Europa e España, realiza a autoavaliación competencial. Poderás encontrala en anayaeducacion.es.

- 3 Diferencia estes sectores urbanos citando as súas principais características:

Centro histórico



CBD



Área suburbana



Área periurbana



- 4 Explica que relación existe entre:
- a) O emprazamento e o plano urbano.
 - b) Os ensanches e a Primeira Revolución Industrial.
 - c) O crecemento das cidades e a área suburbana.
 - d) A cidade difusa e as cidades-dormitorio.